

ESCOLA DA VIDA

A lei da convivencia e a participación

08.01.2011**JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO**

Hai pouco máis dun mes tocábamos o tema da futura Lei da convivencia e participación escolar. Diciamos entón -e repiten agora connosco sindicatos e corpos de docentes- que a autoridade do profesor está recollida noutras lexislacións. Entre elas a LOE, non só no artigo 118 como apunta o anteproxecto de lei, senón tamén a disposición final primeira pola que se modifica a LODE. Sen esquecer que o Código Penal considera que é delito calquera atentado á autoridade, aos seus axentes ou aos funcionarios públicos cando executen as funcións dos seus cargos ou con ocasión delas. Por iso, choca que a lei vaia buscar a condición de autoridade do profesor dirixíndose para a un recoñecemento xa expresado e que, polo tanto, non lle é propio.

Entrándonos xa no texto do anteproxecto, temos que manifestar que non parece lóxico que se esta afecta a todo o profesorado e alumnado non universitario, deixe fóra os colexios privados non concertados e que a primeira parte do texto legal recaba o Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia posto en marcha pola propia Xunta dende hai máis dun quinquenio. As partes máis innovadoras son as dos tempos da tramitación dos procesos sobre os incumprimentos das normas; a responsabilidade sobre os danos e a coparticipación dos pais na educación dos seus fillos.

O anteproxecto exhibe un amplo catálogo de medidas correctoras dos comportamentos escolarmente inadecuados ou que teñan o seu inicio ou a súa consecuencia no medio escolar aínda que sexan realizados fóra. Esta parte podía ser introducida mediante un decreto que encarrilase o dito polas leis xa existentes, algo que parecería máis coherente co manexo que o goberno fixo da súa proposta normativa, xa que para confeccionala non recorreu aos principais axentes implicados (corpos de profesores e directores, asociacións de pais, e colexios e asociacións profesionais representativas do ámbito educativo). Toda unha falta de consideración para eles e para unha lei que se vai chamar da convivencia e participación. E se, ademais, segue a mesma liña con que operou con outras leis tramitadas a Parlamento e para as que non se deu pé a moito debate cos partidos da oposición, estaremos ante unha lei monocolor e non plural como debe ser todo norma que nos afecta a todos..